

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE NOVIEMBRE DE 2012**



ÍNDICE

1	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	2
2	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	3
3	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	5
4	TEMPERATURA	8
4.1.	Temperatura máxima media mensual.	8
5	Temperatura mínima media mensual.	9
5.1.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 novembro.	10
5.2.	Evolución da temperatura media no período 1961-2012.	14
6	PRECIPITACIÓN	15
6.1.	Precipitación acumulada mensual novembro 2012.	15
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	16
6.3.	Días de chuvia en novembro de 2012	17
6.4.	Evolución da precipitación en novembro de 2012.	19
7	VENTO	20
8	RADIACIÓN SOLAR	24
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.	24
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	25
9	RAIOS.	26
Anexo: Resumo mensual		

Data edición: 17/12/2012.

Mes frío en xeral. En canto á precipitación, o mes resultou húmido principalmente no terzo norte da Comunidade e normal ou seco no resto.

1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de novembro estivo caracterizado en Galicia pola influencia de baixas presións atlánticas e polo tanto, polas situacións atmosféricas de inestabilidade e de chuvia. Isto deixase notar nas cantidades de chuvia, pero tamén no número de días con precipitación, que foi superior á media normal neste mes. As situacións de inestabilidade non viñeron en xeral acompañadas de sudoestes, senón que predominaron os ventos de oeste ou noroeste, e iso precisamente fai que as temperaturas fosen baixas, pero as cantidades de chuvia en moitos lugares, nomeadamente sur e leste da Comunidade, non se afasten das normais.

Así, o mes comezou precisamente con este tipo de situación, cunha borrasca situada ao norte de Irlanda que trouxo chuvias xeneralizadas e aire relativamente frío. Esta situación mantívose ata o día 6 con poucas variacións, aínda que compre destacar que o cambio dos ventos a sudoeste e o paso dun sistema frontal deixou o día 3 a xornada máis chuviosa do mes, con precipitacións novamente xeneralizadas en toda Galicia e que en xeral superaron os 20 L/m².

Na xornada do 6 as altas presións situadas sobre os Azores conseguiron entrar en Galicia, estabilizando a atmosfera, pero tamén achegando aire frío procedente do norte deixando unha xornada de tempo seco, aínda que con temperaturas baixas. O anticiclón mantívose en superficie entre o 7 e o 9, pero a presenza de aire frío nas capas medias e altas da atmosfera ocasionou inestabilidade e polo tanto voltaron as chuvias intermitentes, pero xeneralizadas.

A partir do día 10 unha nova borrasca tamén situada ao norte de Irlanda deixou inestabilidade e aire frío, polo que tivemos novamente dúas xornadas con chuvias intensas e xeneralizadas o día 10, coincidindo co paso dun sistema frontal, e algo máis escasas en forma de chuvasco, na xornada do 11.

Entre o 12 e o 15 gozamos dun paréntese anticiclónico que en toda Galicia deixou tempo seco, por momentos soleado e con temperaturas elevadas, particularmente na derradeira xornada deste período, o día 15, cando moitos puntos de Galicia superaron os 20°C.



Os días 16, 17 e 18 quedaron xa con aire frío en altura e polo tanto inestabilidade. As temperaturas foron baixando e rexistráronse chuvias irregularmente repartidas, sendo o día 18 practicamente seco en toda a Comunidade.

O 19 tivemos un día de transición á espera da chegada dunha nova borrasca, desta volta con ventos do sudoeste, temperaturas suaves e chuvias non moi intensas que se estendeu ata o 24.

O 25 vivimos a entrada transitoria de altas presións e a derradeira semana do mes entre o 26 e o 30 Galicia quedou na influencia dun corredor de isóbaras que trouxo a primeira incursión dunha masa de aire polar marítimo do outono-inverno a Galicia, polo que eses últimos días estiveron caracterizados por baixas temperaturas, quedando as máximas por debaixo dos 10°C de xeito xeneralizado no interior, e algunhas precipitacións, non moi cuantiosas posto que o aire era moi frío, coa peculiaridade de que a cota de neve estivo varios días neste episodio por debaixo dos 1000 metros.

2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nas anomalías de presión en superficie (figura 1) e a 500 hPa (figura 2) pódese apreciar claramente que a península Ibérica en xeral e Galicia en particular quedaron na influencia de baixas presións, pero situadas ao norte das Illas Británicas e con altas presións no Atlántico ao oeste dos Azores. Esta situación amosa que en xeral o ambiente atmosférico foi inestable e os ventos predominantes foron do noroeste.

Anomalías de presión a nivel medio do mar Novembro 2012




Figura 1: Anomalías de presión en superficie, novembro de 2012.

Anomalías de xeopotencial en 500 hPa. Novembro 2012




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa, novembro de 2012



3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (Coruña, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1971-2000.

O valor climático corresponde co promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

	NOVEMBRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	12.1	13.0	15.2 (1983)	11.2 (1971)
Tª mínima media	9.2	10.3	12.4 (1983)	8.2 (1971)
Tª mínima absoluta	6.1 (día 13)	2.8 (27/11/1971)		
Tª mínima máis alta	12.6 (día 15)	18.4 (07/11/1985)		
Tª máxima media	15.3	15.8	18.7 (1981)	14 (1976)
Tª máxima absoluta	23.2 (día 15)	25.0 (20/11/1995)		
Tª máxima máis baixa	10.8 (día 30)	8.6 (06/11/1980)		
Precipitación acumulada	227	101-120	273 (2000)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	20	14	25 (1997)	1 (1981)

Comentario: Mes moi frío tendo en conta as temperaturas mínimas e medias. Para as máximas o mes resultou normal.

A chuvia rexistrada e moi superior ó rango de valores normais por iso, o mes considérase moi húmido nesta localidade. Destaca tamén un número de días de chuvia moi superior ó valor climático agardado..

**SANTIAGO**

	NOVEMBRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	9.7	11.5	13.9 (1983)	10.1 (1985)
Tª mínima media	6.3	7.9	10.5 (1983)	6.3 (1985)
Tª mínima absoluta	2.5 (día 12)	-2.0 (28/11/1985)		
Tª mínima máis alta	12.1 (día 15)	17.0 (07/11/1985)		
Tª máxima media	13.7	15.2	17.7 (1988)	13.6 (1984)
Tª máxima absoluta	21.2 (día 15)	23.7 (06/11/1995)		
Tª máxima máis baixa	8.8 (día 27)	6.6 (26/11/1990)		
Precipitación acumulada	226	170-239	475 (2000)	74 (1998)
Días de chuvia (≥1mm)	20	16	26 (2000)	7 (1988)

Comentario: Mes en xeral moi frío para todas as temperaturas.

A chuvia rexistrada está dentro do rango de valores normais para a precipitación, pola contra, o número de días de chuvia resultou moi superior ó valor climático agardado. 1

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

LUGO

	NOVEMBRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	7.9	9.2	11.9 (1992)	6.4 (1971)
Tª mínima media	3.9	5.4	8.9 (1992)	1.9 (1971)
Tª mínima absoluta	-2.0 (día 7)	-5.0 (23/11/1988)		
Tª mínima máis alta	9.2 (día 3)	17.0 (07/11/1985)		
Tª máxima media	12.9	13.0	15.6 (1978)	9.7 (1980)
Tª máxima absoluta	21.1 (día 15)	23.0 (03/11/1981)		
Tª máxima máis baixa	7.6 (día 27)	3.0 (06/11/1980)		
Precipitación acumulada	110	94-112	247 (2000)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	18	13	26 (2000)	1 (1981)

Comentario: Tendo en conta as temperaturas medias e mínimas o mes considérase moi fríos, mentres que, para as máximas, o mes considérase normal.

Tamén é normal a cantidade de precipitación rexistrada este mes de novembro en Lugo. Destaca sen embargo, o número de días de chuvia moi superior ó agardado.

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	NOVEMBRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.9	11.9	14.3 (1983)	9.7 (1971)
Tª mínima media	7.1	7.2	10.4 (1983)	4.5 (1971)
Tª mínima absoluta	1.4 (día 28)	-0.8 (26/11/1976)		
Tª mínima máis alta	13.7 (día 2)	18.4 (07/11/1985)		
Tª máxima media	15.6	16.5	19.9 (1981)	14.6 (1976)
Tª máxima absoluta	24.2 (día 15)	26.3 (02/11/1987)		
Tª máxima máis baixa	10.2 (día 27)	9.2 (24/11/1987)		
Precipitación acumulada	198	153-208	480 (1997)	4 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	20	13	25 (2000)	1 (1981)

Comentario: Tendo en conta a temperatura media o mes considérase moi frío, para as máximas o mes tamén resultou frío, mentres que as mínimas considéranse normais.

O valor de precipitación rexistrado está dentro do rango de valores normais, sen embargo, o número de días de chuvia é moi superior ó valor climático agardado.

OURENSE

	NOVEMBRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	9.3	10.8	13.9 (1983)	9.0 (1973)
Tª mínima media	5.4	6.1	9.5 (1983)	2.1 (1973)
Tª mínima absoluta	0.3 (día 7)	-6.8 (24/11/1988)		
Tª mínima máis alta	11.5 (día 1)	17.8 (07/11/1985)		
Tª máxima media	14.4	15.5	18.2 (1972)	13.3 (1980)
Tª máxima absoluta	22.0 (día 15)	24.4 (04/11/1988)		
Tª máxima máis baixa	8.0 (día 22)	3.8 (29/11/1990)		
Precipitación acumulada	129	63-99	240 (1997)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	16	10	24 (1997)	0 (1981)

Comentario: Mes frío para as temperaturas máximas e mínimas. Para a temperatura media o mes resulta sen embargo, moi frío.

A chuvia rexistrada é superior ó rango de valores normais, polo que o mes considérase húmido. O número de días de chuvia é superior ó valor climático.



4 TEMPERATURA

As temperaturas estiveron en xeral en toda a Comunidade por debaixo dos valores medios agardados. Isto explícase polo arrastre que tivo sobre a media os valores moi baixos da derradeira semana, pero tamén debido á presenza de varias situación de noroeste anteriores, que tamén deixaban temperaturas escasas para a época.

4.1. Temperatura máxima media mensual.




Figura 3: Mapa de temperatura máxima media do mes de novembro de 2012.



5 Temperatura mínima media mensual.




Figura 4: Mapa de temperatura mínima media do mes de novembro de 2012.



5.1. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 novembro.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de novembro respecto al período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables, nas estacións meteorolóxicas pertencentes á rede de observación de MeteoGalicia. Son moi poucas as localidades que rexistraron anomalías de temperatura positivas..

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media			
con respecto ao período 1971-2000			
Estación	Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Monte Aloia	Tui	Pontevedra	0.3
Oímbra	Oímbra	Ourense	0.2
Verín-Vilela	Verín	Ourense	0.1
Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	0.1
Abradelo	Samos	Lugo	0.0
Verín-Vilamaior	Verín	Ourense	0.0
Monte Medo	Baños de Molgas	Ourense	0.0
Areas	Tui	Pontevedra	0.0
Baltar	Baltar	Ourense	0.0
Cariño	Cariño	A Coruña	-0.1

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de novembro de 2012.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media			
con respecto ao período 1971-2000			
Estación	Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Mouriscade	Lalín	Pontevedra	-1.9
Serra do Faro	Rodeiro	Pontevedra	-1.8
Alto do Faro	Chantada	Lugo	-1.7
O Xipro	A Fonsagrada	Lugo	-1.6
Gandarela	Celanova	Ourense	-1.4
Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	-1.4
Xares	A Veiga	Ourense	-1.4
Olveda	Antas de Ulla	Lugo	-1.4
Penedo do Galo	Viveiro	Lugo	-1.4
Lira	Carnota	A Coruña	-1.4

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de novembro de 2012.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas, na rede de estacións de MeteoGalicia, con respecto ao período climático 1971-2000.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de novembro de 2012 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornadas do 14 e o 15 foron as máis calorosas neste mes, principalmente, nas Rías Baixas.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2012				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	Estacion	Concello	Provincia	TA (°C)
15/11/2012	Barrantes	Ribadumia	Pontevedra	24.8
15/11/2012	A Lanzada	O Grove	Pontevedra	24.4
15/11/2012	Vilamor	Mondoñedo	Lugo	24.4
15/11/2012	Simes	Meaño	Pontevedra	24.3
15/11/2012	Cespón	Boiro	A Coruña	24.3
15/11/2012	Lourizán	Pontevedra	Pontevedra	24.2
15/11/2012	Sanxenxo	Sanxenxo	Pontevedra	24.2
15/11/2012	CIS Ferrol	Ferrol	A Coruña	24.1
15/11/2012	Vigo	Vigo	Pontevedra	24.0
15/11/2012	Corrubedo	Ribeira	A Coruña	23.9

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2012 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2012				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	Estacion	Concello	Provincia	TA (°C)
14/11/2012	Corzos	A Veiga	Ourense	16.7
14/11/2012	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	15.4
14/11/2012	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	15.3
15/11/2012	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	14.8
14/11/2012	Xurés	Muiños	Ourense	14.7
13/11/2012	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	14.5
14/11/2012	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	14.2
14/11/2012	Ancares	Cervantes	Lugo	13.6
13/11/2012	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	13.6
14/11/2012	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	13.4

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2012 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de novembro de 2012 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2012				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	Estacion	Concello	Provincia	TA (°C)
28/11/2012	Xares	A Veiga	Ourense	-5.8
27/11/2012	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-5.6
27/11/2012	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-4.7
22/11/2012	Corzos	A Veiga	Ourense	-4.2
27/11/2012	Ancares	Cervantes	Lugo	-3.1
28/11/2012	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	-2.9
07/11/2012	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-2.7
07/11/2012	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-2.7
27/11/2012	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-1.9
27/11/2012	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	-1.9

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2012 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2012				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	Estacion	Concello	Provincia	TA (°C)
22/11/2012	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-5.3
22/11/2012	Tioira	Maceda	Ourense	-5.0
22/11/2012	Mourelle	Sarria	Lugo	-4.1
14/11/2012	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-4.1
22/11/2012	Castro R. de Lea	Castro de Rei	Lugo	-3.6
07/11/2012	Montederramo	Montederramo	Ourense	-3.6
14/11/2012	Oímbra	Oímbra	Ourense	-3.3
22/11/2012	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-3.2
22/11/2012	Bóveda	Bóveda	Lugo	-3.1
22/11/2012	Lanzós	Vilalba	Lugo	-3.1

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2012 altitude inferior a 1000m.



5.2. Evolución da temperatura media no período 1961-2012.




Figura 6: Evolución da temperatura media ó longo do período 1961-2012 para novembro.




Figura 7: Anomalía da temperatura media ó longo do período 1961-2012 para novembro.

6 PRECIPITACIÓN

As anomalías de chuvia responden perfectamente ao predominio de situación de norteno-oroeste e a relativa escaseza de situación de suroeste. Así en xeral vemos chuvias en exceso para este mes en A Coruña, norte de Lugo e norte de Pontevedra, e algo por debaixo no resto.

6.1. Precipitación acumulada mensual novembro 2012




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de novembro de 2012.



6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de novembro de 2012.



6.3. Días de chuvia en novembro de 2012

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 18 días.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de novembro de 2012.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de novembro.

Precipitacións acumuladas máximas en novembro de 2012			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Coto Muiño	Zas	A Coruña	317
Labrada	Abadín	Lugo	310
Rus	Carballo	A Coruña	296
Cariño	Cariño	A Coruña	285
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	283
Guísamo	Bergondo	A Coruña	280
O Val	Narón	A Coruña	270
Lanzós	Vilalba	Lugo	264
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	262
Borreiros	Viveiro	Lugo	257

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de novembro de 2012.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	69	02/11/2012 11:20
Lesende	Lousame	A Coruña	57	20/11/2012 0:00
Lourenzá	Lourenzá	Lugo	53	17/11/2012 4:00
Vilamor	Mondoñedo	Lugo	53	27/11/2012 13:10
Borreiros	Viveiro	Lugo	51	17/11/2012 1:50
Muralla	Lousame	A Coruña	49	02/11/2012 10:00
Pontenova	A Pontenova	Lugo	47	17/11/2012 4:00
PCandeeira	Cedeira	A Coruña	46	16/11/2012 17:30
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	46	20/11/2012 2:50

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de novembro de 2012.



6.4. Evolución da precipitación en novembro de 2012




Figura 11: Evolución da precipitación acumulada en novembro respecto ó período 71-00.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en novembro respecto ó período 71-00.













7 VENTO

Na xornada do 24 de novembro rexistráronse valores de refacho máximo do vento que superaron os 100 km/h en moitos puntos de Galicia.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en novembro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
24/11/2012	A Gándara	Vimianzo	A Coruña	142.0
24/11/2012	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	135.7
24/11/2012	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	133.3
24/11/2012	Burela	Burela	Lugo	129.8
24/11/2012	Muralla	Lousame	A Coruña	118.7
24/11/2012	Río do Sol	Coristanco	A Coruña	117.1
24/11/2012	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	116.8
24/11/2012	Lira	Carnota	A Coruña	115.5
24/11/2012	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	115.2
24/11/2012	Fragavella	Abadín	Lugo	114.2
24/11/2012	Xares	A Veiga	Ourense	112.9
24/11/2012	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	112.8
24/11/2012	Camariñas	Camariñas	A Coruña	108.2
24/11/2012	Ons	Bueu	Pontevedra	107.2
20/11/2012	Ancares	Cervantes	Lugo	107.2
24/11/2012	Alto do Rodicio	Maceda	Ourense	107.0
24/11/2012	Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	106.6
20/11/2012	Burela	Burela	Lugo	105.8
24/11/2012	Sálvora	Ribeira	A Coruña	103.5
24/11/2012	Courel	Folgoso	Lugo	103.4
24/11/2012	Cariño	Cariño	A Coruña	103.3
24/11/2012	Serra do Faro	Rodeiro	Pontevedra	102.0
24/11/2012	Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	101.4
24/11/2012	Marco da Curra	Monfero	Lugo	100.0

Táboa 9: Rexistros do refacho máximo superiores aos 100 km/h no mes de novembro de 2012.



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	115.5	NE	6		
		Día 24				
Punta Candieira	Cedeira	133.3	S	7		
		Día 24				
Malpica	Malpica	92.7	O	4		
		Día 24				
Marco da Curra	Monfero	100.0	E	5		
		Día 24				
Río do Sol	Coristanco	117.1	S	1		
		Día 24				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de novembro de 2012 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	129.8	SO	6		
		Día 24				
Ancares	Cervantes	107.2	S	4		
		Día 20				

Táboa 11: Resumo vento no mes de novembro de 2012 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	87.4	SO	10		
		Día 24				
Alto do Rodicio	Maceda	107.0	SO	6		
		Día 24				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	64.3	NO	17		
		Día 24				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de novembro de 2012 na provincia de Ourense.


PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de montes	101.4	N	8		
		Día 24				
Ons	Bueu	107.2	N	3		
		Día 24				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de novembro de 2012 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual



387 481 576 671
Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de novembro de 2012.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou un total de 109 raios en Galicia, a maior parte deles o día 24. Na figura 15 móstrase a distribución dos raios neste mes.




Figura 15: Número de raios rexistrados en Galicia en novembro de 2012.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.




Figura 16: Número de raios rexistrados por provincias en novembro de 2012.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2012 Mes: 11

Provincia Estación	Tª °C				Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h		Presión Media hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha máxima		Choiva	Xeada	
A Coruña																							
A Gándara	9.1	11.8	20.0	15	6.9	3.1	27	217	35.8	20	179	86	96	72	37	106	589	26	142	967	25	0	
Aldea Nova	10.4	13.6	21.5	15	7.7	4.3	27	233	31.6	10	190	82	94	66	34	98	606	12	80	982	24	0	
Cespón	11.0	15.7	24.3	15	6.9	2.2	28	196	33.6	3	155	85	97	63	40	116	652	8	72	1010	28	0	
CIS Ferrol	11.5	15.2	24.0	15	8.1	3.9	13	244	28.9	10	202	85	99	65	39	111	635	11	80	1011	25	0	
Corrubedo	12.0	15.3	23.9	15	9.1	4.4	27	119	27.4	3	41	79	95	62	44	126	710	15	96	1011	24	0	
Coruña	12.1	15.3	23.1	15	9.2	6.1	13	227	25.0	20	-	75	90	57	-	-	-	-	-	-	23	0	
Costa	10.0	14.5	22.2	15	6.0	1.6	13	219	29.8	20	--	83	94	62	-	-	-	-	-	-	23	0	
Coto Muiño	8.8	13.4	20.7	15	4.4	-2.0	13	317	41.6	30	-	90	99	69	-	-	-	-	-	-	29	4	
Fontecada	9.1	13.0	20.1	15	5.8	1.3	13	262	44.7	20	227	88	97	72	40	115	632	12	99	972	27	0	
Guísamo	10.6	14.2	22.1	15	7.5	3.6	28	280	28.9	10	--	78	91	60	-	-	-	-	-	-	23	0	
Lesende	10.6	14.2	21.4	15	7.0	2.8	27	257	56.6	20	213	79	90	61	42	120	655	-	-	-	26	0	
Lira	11.6	14.0	21.3	15	9.4	5.2	27	103	18.3	20	49	79	93	66	43	125	679	26	115	-	24	0	
Lobeiras	13.3	15.4	21.4	15	11.5	8.1	27	-	-	--	-	76	89	63	43	125	679	26	111	-	-	0	
Mabegondo	10.1	14.6	23.4	15	5.9	-0.6	7	200	21.8	3	160	83	92	66	41	118	639	6	80	1004	25	1	
Malpica	11.2	13.8	20.9	15	8.7	5.8	27	134	19.5	20	82	80	93	66	41	119	653	25	93	995	24	0	
Marco da Curra	7.4	10.0	17.5	15	4.9	1.1	27	230	26.6	3	198	89	97	76	34	98	587	19	100	939	26	0	
Melide	8.0	12.3	20.2	15	3.9	-1.2	29	219	26.1	17	187	86	97	66	30	85	534	8	58	960	26	4	
Muralla	7.6	10.1	17.9	15	5.5	1.4	27	201	36.4	3	171	91	98	77	38	110	616	27	119	938	26	0	
O Val	11.1	15.0	22.6	15	7.2	2.8	14	270	34.8	10	-	78	92	59	-	-	-	-	-	1007	24	0	
Olas	8.3	12.1	20.1	15	5.1	1.0	27	236	29.2	30	-	88	97	70	36	104	585	-	-	-	25	0	
Paramos	8.7	12.3	19.2	15	5.2	1.5	22	283	38.5	20	-	85	94	68	-	-	-	-	-	972	25	0	
Pazo de Galegos	9.9	14.3	21.4	15	6.1	1.2	12	230	29.6	8	180	81	91	62	29	84	507	-	-	989	24	0	
Punta Candieira	11.0	13.3	22.3	15	8.9	4.4	27	167	38.0	17	103	73	88	60	37	106	609	31	133	984	24	0	
Raído-Arzúa	8.4	12.6	19.9	15	4.1	-1.4	22	229	27.4	3	--	87	97	68	-	-	-	-	-	972	29	6	
Río do Sol	8.2	11.5	19.2	15	5.6	1.8	27	230	25.3	30	197	89	97	74	38	109	599	22	117	952	28	0	
Rus	9.9	14.5	22.6	15	6.1	-0.2	13	296	37.1	30	-	85	94	63	-	-	-	-	-	999	25	2	
Sabón	12.3	15.2	22.7	15	9.2	4.8	7	180	18.6	20	120	73	86	58	30	86	568	19	89	-	23	0	
Sálvora	13.3	15.5	22.2	15	11.0	7.4	28	145	27.4	20	93	78	91	64	37	106	707	22	104	-	24	0	
Santiago-EOAS	9.7	13.7	21.2	15	6.3	2.5	12	226	23.8	3	190	89	99	69	20	56	652	9	90	985	25	0	
Sergude	9.5	13.9	21.4	15	5.7	1.3	12	167	21.8	3	-	88	99	69	31	89	556	-	-	-	25	0	
Serra da Faladoira	8.0	10.7	19.5	15	5.9	2.3	27	223	34.1	17	188	88	97	75	37	107	621	20	96	947	25	0	
Xanceda	8.7	12.2	19.9	15	5.5	1.5	27	250	28.1	8	-	84	93	67	-	-	-	-	-	-	23	0	

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2012 Mes: 11

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h		Presión Media hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha máxima		Choiva	Xeada	
Lugo																										
A Pontenova	8.4	11.7	21.2	15	5.2	0.4	27	253	45.0	17	-	88	98	72	27	78	513	-	-	-	-	-	-	25	0	
Abradelo	7.0	10.4	16.8	15	3.8	-0.1	28	115	15.2	1	-	81	94	64	28	80	540	-	-	-	-	-	-	23	1	
Alto de Cerredo	6.1	8.6	15.9	15	3.7	-0.6	27	147	24.4	28	--	85	94	72	-	-	-	-	-	-	-	905	24	1		
Alto do Faro	6.1	8.6	14.9	15	3.6	0.1	28	125	13.5	8	-	90	97	76	-	-	-	-	-	-	-	918	0	0		
Alto do Poio	4.4	6.6	11.5	14	2.3	-1.9	27	153	27.7	17	-	86	96	71	-	-	-	-	-	-	-	-	27	7		
Ancares	4.0	6.7	13.6	14	1.7	-3.1	27	162	20.1	1	127	82	92	67	24	70	503	24	107	861	23	10				
Bóveda	7.7	12.9	19.7	15	3.5	-3.1	22	80	12.3	3	-	86	95	64	29	84	574	-	-	-	-	-	26	6		
Burela	9.7	12.2	20.3	15	7.6	3.3	27	193	41.6	17	144	80	93	65	40	115	641	19	130	965	23	0				
Campus Lugo	7.9	12.9	21.1	15	3.9	-2.0	7	110	13.4	3	79	87	96	65	30	87	551	5	61	966	26	4				
Castro R. de Lea	7.5	12.2	20.2	15	3.3	-3.6	22	102	12.8	3	-	89	98	69	26	74	536	-	-	966	29	6				
Conchada	7.4	11.2	17.2	15	4.2	0.1	22	94	18.1	3	-	83	93	67	30	86	574	-	-	-	-	-	23	0		
Corno do Boi	6.7	9.6	17.3	15	4.2	0.2	27	180	21.3	17	148	91	98	77	34	99	567	17	93	-	-	-	26	0		
Courel	7.3	10.7	18.4	14	4.2	-0.9	28	111	20.9	3	73	79	92	62	25	72	496	10	103	926	22	3				
Fontaneira	5.9	8.9	16.4	15	3.1	-0.7	27	134	21.3	10	99	88	97	74	25	73	529	-	-	-	-	-	23	2		
Foz	10.9	15.0	19.2	2	7.2	3.1	7	189	39.0	17	-	81	95	62	37	106	605	-	-	-	-	-	25	0		
Fragavella	7.7	10.4	19.1	15	4.6	0.5	27	233	42.4	17	198	87	97	71	35	101	610	17	114	945	28	0				
Guitiriz	7.3	10.3	17.6	15	4.7	0.5	27	165	20.0	8	136	90	98	76	32	93	564	15	77	936	27	0				
Labrada	7.3	10.0	18.6	15	4.6	0.0	27	310	35.0	30	277	86	96	71	33	94	575	-	-	-	-	-	27	1		
Lanzós	7.1	11.8	20.0	15	2.7	-3.1	22	264	26.1	17	--	86	94	66	-	-	-	-	-	-	-	959	24	10		
Lourenzá	10.0	14.9	23.0	15	5.9	-0.4	7	219	51.4	17	-	82	94	60	-	-	-	-	-	-	-	-	24	1		
Marroxo	7.8	11.1	16.6	15	4.9	0.7	12	95	18.7	3	62	84	93	67	27	78	513	8	63	941	23	0				
Millara	8.8	14.0	19.1	9	5.5	1.7	7	87	14.4	3	-	90	100	68	-	-	-	-	-	-	-	-	21	0		
Mourelle	7.6	12.5	21.9	15	3.0	-4.1	22	101	10.0	17	73	87	97	66	21	61	485	-	-	966	23	6				
O Cebreiro	3.4	6.2	13.4	14	1.1	-2.7	7	124	24.1	3	85	96	100	85	23	65	445	17	73	867	26	12				
O Xipro	6.7	10.1	17.8	15	3.6	-0.4	27	175	37.0	28	96	85	96	69	30	87	565	10	86	924	24	2				
Olveda	7.1	10.9	17.1	15	3.8	0.1	7	109	10.6	20	78	89	97	72	32	92	604	-	-	-	-	-	24	0		
Pedro Murias	11.7	15.3	20.3	24	8.4	4.7	27	161	29.5	17	108	73	86	57	34	97	563	12	80	1009	19	0				
Penedo do Galo	8.7	11.3	21.2	15	6.6	2.2	27	191	39.2	17	-	79	91	64	34	98	578	-	-	-	-	-	26	0		
Pol	7.3	10.8	19.9	15	4.3	-0.2	27	159	25.7	28	-	87	96	71	29	83	563	-	-	-	-	-	24	2		
Portomarín	7.7	12.2	18.0	15	3.6	-2.1	7	109	14.6	8	-	86	96	66	22	64	454	-	-	963	27	3				
Sambreixo	7.2	11.6	19.6	15	2.8	-2.1	7	152	21.4	8	-	88	96	70	35	101	593	-	-	-	-	-	28	9		
San Clodio	8.9	13.9	18.9	15	5.2	-0.6	22	101	20.8	3	-	86	97	63	-	-	-	-	-	985	23	2				
San Fiz	8.4	12.6	17.9	15	4.9	0.6	7	120	17.3	8	84	84	94	64	28	81	571	-	-	969	23	0				
Sobrecedo	8.2	12.6	18.4	15	4.7	0.6	7	114	17.7	8	-	85	94	65	-	-	-	-	-	968	22	0				
Ventosa	6.4	9.7	17.5	14	3.1	-0.9	22	154	25.4	29	107	81	93	63	26	76	509	12	96	910	22	7				
Vilamor	10.2	14.8	24.4	15	6.2	0.2	7	239	46.6	28	183	78	90	58	29	84	532	-	-	-	-	-	25	0		

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2012 Mes: 11

Provincia Estación	Tª °C				Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h		Presión Media hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha máxima		Choiva	Xeada	
Ourense																							
A Mezquita	5.8	9.3	15.4	14	2.7	-1.6	22	109	18.0	3	74	82	93	66	34	100	600	13	67	899	20	7	
A Trabe	7.7	11.1	15.9	14	4.6	0.1	28	75	13.9	8	30	79	91	62	39	115	667	-	-	926	19	0	
Alto do Rodicio	5.9	8.8	15.2	15	3.2	-1.2	7	198	33.3	3	170	90	98	74	27	80	507	18	107	903	20	3	
Amiudal	8.1	11.7	18.6	15	5.1	-1.3	22	131	25.8	8	96	84	95	67	40	115	659	11	85	951	21	1	
As Petarelas	8.1	12.7	17.9	14	4.1	-0.9	22	52	14.6	3	-	78	91	56	30	88	625	-	-	-	23	4	
Baltar	6.8	11.0	15.9	3	2.7	-2.3	22	122	19.0	8	84	79	89	61	31	90	603	10	65	923	26	6	
Cabeza de Manzaneda	1.4	3.7	12.3	13	-1.0	-5.6	27	163	20.8	1	--	89	98	74	23	66	508	30	115	821	23	18	
Calvos	6.0	10.4	16.5	13	1.6	-5.3	22	112	15.3	17	--	89	98	70	-	-	-	-	-	-	27	12	
Casaio	5.4	8.1	14.2	14	2.8	-2.1	28	84	16.9	17	--	78	92	59	-	-	-	-	-	-	23	6	
Corzos	4.4	8.3	16.7	14	1.0	-4.2	22	85	18.0	17	--	87	97	70	-	-	-	-	-	-	26	13	
Entrimo	7.7	11.9	19.1	15	4.4	-0.2	27	126	25.2	3	-	80	92	61	36	106	614	-	-	-	22	2	
EVEGA Leiro	8.8	15.5	22.4	15	4.2	-0.7	29	123	25.2	8	-	89	97	63	-	-	-	-	-	1004	23	3	
Gandarela	8.1	11.5	18.8	15	5.1	0.9	27	90	13.1	3	53	85	94	69	35	103	630	11	64	944	24	0	
Lardeira	2.9	5.9	13.6	13	0.2	-4.7	27	77	20.1	17	48	87	97	71	28	81	543	24	178	835	24	15	
Larouco	8.4	13.0	19.7	15	4.4	-1.0	22	83	18.9	3	-	77	90	58	-	-	-	-	-	-	23	4	
Laza	7.7	12.8	19.1	15	3.8	-2.2	22	127	23.8	8	91	85	97	63	35	102	641	-	-	-	25	5	
Monte Medo	7.8	12.1	18.4	15	4.0	-1.3	7	130	22.2	3	-	85	97	63	34	98	629	-	-	-	25	3	
Montederramo	5.8	9.6	17.1	15	2.1	-3.6	7	206	38.6	17	-	84	94	66	-	-	-	-	-	905	23	9	
O Invernadeiro	5.3	9.1	15.3	14	1.9	-2.7	7	165	27.6	17	135	85	94	68	30	86	558	9	66	898	26	10	
Oímbra	8.1	13.9	19.2	15	3.4	-3.3	14	80	19.6	8	--	82	94	57	-	-	-	-	-	972	21	7	
Ourense	9.3	14.4	22.0	15	5.4	0.3	7	128	28.8	3	-	84	95	61	-	-	-	-	-	-	20	0	
Ourense-Ciencias	9.7	14.1	21.5	15	6.3	1.6	7	94	19.9	3	61	84	95	64	27	80	568	4	46	997	21	0	
Pazo de Fontefiz	8.6	12.7	19.2	15	5.0	0.0	22	145	31.4	3	114	82	91	65	22	65	518	-	-	968	20	1	
Ponte Boga	8.4	12.5	18.4	15	4.9	-0.7	7	149	26.5	17	-	80	91	63	-	-	-	-	-	961	21	1	
Prado	9.3	14.4	20.0	15	5.8	2.1	27	120	22.0	3	--	87	95	64	-	-	-	-	-	-	23	0	
Remuíño	8.8	14.8	23.2	15	5.0	-0.1	7	112	28.0	3	-	92	99	68	-	-	-	3	44	-	21	1	
Riós	7.0	11.7	16.9	14	3.1	-1.5	28	91	20.6	8	65	88	99	65	25	73	563	-	-	-	21	7	
San Xoán de Río	5.1	8.4	13.4	14	2.3	-1.9	27	98	16.4	3	72	90	97	76	27	79	507	16	83	898	27	8	
Serra do Eixe	4.4	7.2	14.8	15	1.8	-2.9	28	107	20.9	1	74	84	95	68	31	89	553	19	117	876	23	9	
Tioira	7.2	12.5	20.0	15	2.4	-5.0	22	159	28.6	3	--	84	95	62	-	-	-	-	-	-	22	9	
Verín-Vilamaior	8.2	13.1	19.4	15	4.3	-1.6	22	90	13.0	8	55	84	97	63	34	98	590	7	63	952	22	1	
Verín-Vilela	7.6	14.2	20.5	15	2.1	-4.1	14	82	13.6	8	-	87	98	60	38	109	641	4	40	-	26	11	
Viana do Bolo	6.7	11.0	18.1	14	2.9	-2.3	22	63	16.0	3	26	82	94	63	32	94	593	9	82	918	24	9	
Xares	1.5	3.9	12.0	13	-0.8	-5.8	28	111	19.8	17	--	87	97	72	25	74	522	-	-	820	25	18	
Xares	1.5	3.9	12.0	13	-0.8	-5.8	28	111	19.8	17	--	87	97	72	25	74	522	-	-	820	25	18	
Xinzo	7.4	12.1	17.6	15	3.3	-3.2	22	72	11.3	17	37	86	95	66	32	94	619	-	-	-	24	6	
Xurés	5.6	8.5	14.7	14	3.1	-1.2	27	116	17.6	17	87	89	98	74	31	91	566	17	87	894	23	4	

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.

